



NÚMERO 4 XANEIRO 2002

I.E.S. RIBEIRA DO LOURO

*De novo estamos con vós para facer a revista .Non nos faltan ganas. Nela podedes dicir o que vos apeteza que saia á luz, contar anecdotas, historias, comics...etc*

*¿Qué vos gustaría darvos a coñecer?? é unha boa forma de abrir unha portada que pode chegar a máis. Nela necesitamos cooperación, non consiste en estar atados nin perder o tempo senón de aportar a maior información posible para conseguir unha proposta que se chama "órbita". ¡Únete! ¡Anímate!, explota a túa imaxinación liberándoa e contando todo o que sucede ao teu redor.*

## SUMARIO

- **Editorial .....** 1
- **Novas .....** 2
- **Actualidade .....** 3
- **Teatro .....** 4
- **Reflexión.....** 7
- **Tema do mes.....** 8
- **Opinión.....** 9
- **Deportes .....** 11
- **Sabías que .....** 13
- **En Órbita .....** 14
- **Na rede .....** 14
- **Fora de órbita .....** 15
- **Pasatempos.....** 16

## GRAN POSTER CENTRAL:

**O camiño dos  
frades**

## Editorial

### **¿Por que vivimos nunha sociedade materialista?**

Hoxe en día todo é material, ¿non vos preguntades o porque? Penso que a resposta é todo polo que se ve, percibe, aprecia e que cada un ve o que quere ver e clasificar segundo lle convén.

Cabe destacar que todo o que chama a atención é o que se percibe pola vista é o que non tamén. Poderíamos facer unha pequena clasificación:

- Polos cartos: : con cartos buen rollo, sen cartos pouco para nós
- Físico: delgados: tipo a seguir ; gordos ,desagradable poucas capacidades.Infinidade de cousas desagradables pero sempre discriminando e clasificando.

Non se busca en ningún momento a xenta natural, sinxela , etc, iso dá igual, primeiro valórase o que salta á vista , se nos gusta e vai no noso ambiente e pensamentos entón acéptamelo, se non é así non.

**¿Por que creamos esas diferencias entre nós? Non deberíamos de pór esas diferencias debido a que se razoas un pouco.pensas ,hoxe estou moi ben pero mañán non sei como estarei nin de quen dependerei.Todos somos iguais e ao mellor de quen menos o esperas che axuda, escucha, entende.**

*¿¿¿Por que levantar esas barreiras tan grandes na sociedade en que vivimos???,¡¡¡ Nós mesmos as queremos quitar pero ao mesmo tempo as estamos poñendo!!!*

Non nos gusta que nos "clasifiquen", discriminen ¿verdade? pois non o debemos facer porque co "material"non se vive ,nun nos leva a ningunha parte ¿ou chegamos a algúñ sitio con eses pensamentos?...."podemos chegar a obter algúns problemas" con peores solucións.

*SE DEIXAS VIVIR, VIVIRÁS .SE DISCRIMINAS,TE DISCRIMINARAN POR ISO NON CLASIFIQUESÁ XENTE POLO "MATERIAL" E XA VERÁS AS BOAS RECOMPENSAS QUE OBTERÁS.*

*(VIVE E DEIXA VIVIR, PERO NON TE DEIXES EMBAUCAR POLO*

## O Magosto

**O** día 9 de novembro celebramos o magosto no instituto. Nas tres primeiras horas da mañá demos clase mormal. No recreo, os alumnos de 3º ESO B xunto coa profesora Helena de Educación Física, fomos preparar e organizar todos os xogos populares: a petanca, a chave, a ra, as cor das, as canicas e os trompos. Ao finalizar o recreo todas as clases sairon ao patio para comezar o magosto.

Ao principio había pouca xente nos xogos, pero, máis tarde xa se foron animando e cada vez había máis, excepto nas canicas que como ía ningúen tivose que quitar.

Mentres os alumnos xogaban, detrás do instituto estaban o Mestre e Pampi asando castañas. Os que estabamos dirixindo os xogos tamén tivemos oportunidade de xogar e de comer castañas, pois turnábamonos e íamos dar unha volta.

Unha vez que estaban asadas as castañas a xente xa se arrimaba máis alí para collelas e deixaban un pouco os xogos e cando xa estabamos un pouco fartos de castañas collíamolo carbón e enfarruscabámmonos todos, os profesores tampouco se salvaron.

Durante todo o magosto, que durou tres horas puxeron música na radio.


Ao rematar o magosto recollemos os xogos e algúns limpámonos un pouco de enfarruscadura nos vestiarios.

Aínda tivemos que esperar un bo anaco (non sei canto, porque non levaba reloxo) para marchar á casa.

Todo saíu moi ben, áinda que houbo algúns accidentes (rompeuse o cristal da cafetaría e a corda de tirar), pero iso non é nada para o ben que o pasamos.

*Maria de Bernardo Roca 3º ESO B*

## CASTAÑAS RECHEAS DE CHOCOLATE



## 25 DE NOVEMBRO. DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA CARA AS MULLERES

### Manifesto

O día 25 de novembro foi declarado Día Internacional contra a violencia hacia a muller no primeiro encontro Feminista de Latinoamérica e o Caribe, celebrado en Bogotá, en xullo de 1981. Neste encontro denunciáronse todos os tipos de violencia que se dan contra as mulleres no mundo. O ano 1999 a ONU deu carácter oficial a esta data.

Dende entón vense conmemorando este día para chamar a atención e xerar concienciación de que a violencia contra as mulleres é unha das formas de violencia máis estendida no mundo e de especial crueldade xa que se ceba sobre quen máis se ocupa de coidar a vida das persoas.

A força, o poder e o dominio considéranse valores positivos, aínda máis nas nosas sociedades competitivas, e eses atributos continúan sendo considerados parte da identidade masculina, un compoñente de virilidade.

Estes “valores”fundamentan estructuras de desigualdade, e un medio para acadalos, demostrarlos ou defendelos é a agresión. Vivimos nunha cultura que fai da fuerza un símbolo de poder sobre outros e o poder o mostra como algo positivo. O país máis poderoso é aquel que pode imponer a outros a súa vontade, someter a outros ao seu dominio e que fai ver as súas agresións como parte do ben da humanidade.

O tradicionalmente considerado feminino é a debilidade, o controlable, o que debe protexerse, o que pertence ó forte.

Cando unha muller é golpeada física o psicolóxicamente no seu círculo máis achegado, aparece, como nun espello, a imaxe mesma do que a nosa sociedade segue sendo.

Ante esta situación, cada vez más homes e mulleres, chicos e chicas manifestan o seu compromiso e a súa vontade de previr a violencia contra as mulleres e todas as súas manifestacións.

### É polo que dende esta revista propoñemos:

- Defender e facer respectar os dereitos humanos.
- Apoiar ás mulleres nas súas loitas contra toda clase de violencia e a solidarizarse coas mulleres que a padecen.
- Aprender a resolver pacificamente os conflictos e recoñecer os errores, xa que a violencia nunca pode resolver os problemas que xorden nas relacións.
- Tomar como modelo as conductas respectuosas e solidarias.
- Non imponer os deseños e a propia vontade pola fuerza. As tensións sempre se descargan sobre quen é máis débil.
- Utilizar modelos educativos dialogantes e cooperativos.

## AXUDA Ó TEATRO MÁIS HUMILDE

O pasado mes de outubro, partiu do noso instituto un microbús no que viaxamos trece estudiantes e tres profesores, con destino á cidade de Lugo. Iamos invitados a un certame popular de entrega de premios ó teatro base galego.

Todos tiñamos esperanza de conseguir algún premio ou recoñecemento, pois o tempo e o esforzo investido nas dúas obras teatrais foi moito: pasamos numerosos recreos ensaiando e preparando decorados e más vestuario, houbo moitos atrancos e imprevistos á hora de representar as obras ante os nosos compañeiros, e ainda por riba os nervios de última hora, cando tocaba sair ó escenario e interpretar o teu papel. Pese a todo non nos queixamos porque pagou a pena disfrutar do teatro.

Unha vez xa en Lugo, despois dunha longa viaxe na que os chistes e a música foron o remedio contra o aborrecimento, entramos no edificio no que se celebraba a ceremonia. Tivemos que agardar sobre unha hora aproximadamente, antes de que comezase. Todos estabamos nerviosos ou impacientes, e incluso os profesores, con certa ansiedade, dialogaban sobre a mecánica do concurso. Había catro categorías, segundo o nivel (nós competímos en institutos, coa obra “O cego

de Fornelos” e mais “A tía Lambida”). Os premios oscilaban entre as 250000 ptas do 1º e as 60000 ptas do 2º, a parte das axudas, os premios eran outorgados de mans de distintas personalidades políticas. Había moitos galardóns posibles (mellor sonido, mellor iluminación ...), pero tamén moitos participantes (150 grupos). Pola nosa parte só acadamos unha axuda de 25000 ptas, ningún premio.



Ao finalizar o acto presenciamos unha obra de teatro dun dos gañadores, e sinceiramente, se todos os participantes eran tan bos coma eles non me estraña que non alcanzaramos ningún premio, porque a súa actuación foi espectacular.

Non polo sonido, nin pola decoración ou así, senón pola calidade de interpretación dos seus actores,

Xa rondando a madrugada, voltamos á casa, conformados co detalle da axuda, con frío e cansos dunha viaxe esgotadora. Así concluí a viaxe do grupo de teatro 2000-2001.

Pablo Teijeira Romero

4º C

## ENTREVISTA AO GRUPO MIGALLAS

O pasado día 21 de novembro tivemos con nós ó grupo de teatro Migallas, que representou unha obra para os alumnos de 1º ESO do IES Ribeira do Louro e máis do IES Pino Manso. Un grupo de alumnos deste curso entrevistounos ó rematar a representación.

**Revista:** ¿Cantos sodes e cal son os vosos nomes?

**Maria Campos:** Pois Migallas empezamos sendo dous, Carlos e María, e agora somos tres coa incorporación de Xurxo, que tamén traballa con nós noutras obras de teatro infantís.

**Revista:** ¿É a primeira vez que vides a este instituto?

**M.C.:** Xa estivemos noutra ocasión representando unha obra que se chamaba “O cantante e as mulleres”, que funcionou moi ben e non debeu ser tan aburrida, porque nos volveron chamar este ano.

**R.:** ¿Actuades só en colextios?

**M.C.:** Nós actuamos onde haxa un escenario, e ás veces sen escenario tamén. Actuamos onde hai un público que nos quere escutar: en colextios, en institutos, en asociacións culturais, incluso en grandes teatros tamén... Gústanos actuar onde haxa un público que nos queira ver.

**R.:** Fálanos da obra que acabamos de ver.

**M.C.:** Pois como di o título, “Cousas que pasan” pretende reflexar as cousas que a calquera lle poden pasar na vida diaria: o que lle pasa a Jonhy, que é un rapaz que pode ser calquera de vós, ou a Vane, ou a Consuelito, ou á nai de Jonhy, que son os personaxes que aparecen na obra. Cousas que nos pasan a todos e son fáceles de entender.

**R.:** ¿Levouvos moito tempo preparar esta obra?

**M.C.:** Xa levabamos pensando nela moito tempo, pero foi no verán pasado cando empezamos a darlle forma e preparala aproximadamente tal e como é. De todas formas, as obras de Migallas están continuamente cambiando, están baseadas en improvisa-

### “Nós actuamos onde haxa un escenario, e ás veces sen escenario tamén”

cións e a obra de hoxe, por exemplo, védela dentro duns meses e xa non vos parece a mesma.

**R.:** ¿Hai moito tempo que vos adicades ó teatro?

**M.C.:** Haberá dez anos qu nos adicamos ó teatro. Empezamos Carlos e máis eu, el coa guitarra compoñendo cancións e eu representando historias de personaxes. E así, pouco a pouco, e atendendo ós comentarios do público, fumos cambiando e crecendo: empezamos dous, agora somos tres, se candra a próxima vez seremos catro...

**R.:** ¿Que é o que máis vos gusta de facer teatro?

**Xurxo:** Para quedar ben diría que ensaiar, actuar e todo eso. Pero o que realmente máis me gusta do teatro é este tipo de cousas como que che fagan unha entrevista ó final, sentir o público, o aplauso, as caras da xente mentres ti estás aí no escenario... Son sensacións moi chulas que todos deberíades experimentar algunha vez.

**R.:** ¿Costa moito aprender un guión?

X.: Con Migallas concretamente non, porque non temos un texto longo que aprender; as nosas obras baséanse moito na improvisación. Ensaiamos un ou dous meses e despois imos engadindo cousas que se nos ocorren, chistes, etc., de maneira que ves a mesma obra hoxe e é distinta a calquera outro día.

R.: ¿É divertido facer teatro?

**empezamos a falar dos temas  
que podemos tratar e imos  
creando situacións, personaxes  
e historias**

X.: Moito. É moi divertido. É o máis divertido que hai. Tamén hai que ter en conta que ten o seu traballo e o seu sacrificio: non é só subir a un escenario e ¡ala! ja facer rir! Eu invitaría a toda a xente que non fixera nunca teatro a que o faga porque é a cousa máis divertida que hai no mundo. Pásalo moi ben e coñeces a moitísima xente.

R.: ¿Inventades vós as vosas historias?

M.C.: Como xa dixemos antes, Migallas fai as súas propias obras. Non son sacadas de ningún libro doutros autores. Inventamos seguido, empezamos a falar dos temas que podemos tratar e imos creando situacións, personaxes e historias. E eso divírtenos moito, pasámolo moi ben.

R.: Cando erades coma nós, ¿gustávavos o teatro?

M.C.: Mira, eu, a primeira vez que fun ó teatro tiña trinta anos, e pareceume tan bonito e quedei tan marabillada que me dixen: "Teño que subir a un escenario e facer eu teatro". E así foi. E eu, que teño moita vergonza, pasóuseme a vergonza de repente e non ti-vien ningunha, ningunha vergonza.

X.: Cando era moi novo, máis novo ca vós, aproveitaba calquera pequena reunión para subir enriba duna mesa e empezar a cantar. O que máis me gustaba era cantar. Despois adiqueime ós estudos e, cando tiña dezaoito anos, metinme nun grupo, empecei a facer teatro e aquí estou.

R.: ¿Algúen das vosas familias adicábase ó teatro?

M.C.: Na miña familia non e na de Carlos e na de Xurxo tampouco.

R.: ¿Qué tal se porta o público?

M.C.: O público sempre se porta ben. Se aplaude, porque lle gusta, e se non aplaude ou patalea estache dicindo que o que viu non lle gustou. Sempre dentro dun orde e sen perder o respecto. Pero non, normalmente non temos problemas co público.

R.: ¿Cómo notades vós se o público se divirte?

M.C.: Nas nosas obras o público soe ir bastante, e eso nós notámolo desde o escenario.


R.: ¿Querédeslle dicir algo ós alumnos deste centro?

M.C.: Dúas cousas: que nos sigan chamando para actuar aquí e que se sigan portando tan ben como se portaron na función de hoxe.

X.: Eu diríalles que se non hai un grupo de teatro no instituto que formen un grupo de teatro. Que lién a calquera profesor e que monten un grupo de teatro no instituto.

M.C.: Pois xa sabedes, facedes un grupo de teatro e a próxima vez que veñamos sentámonos nós aí nas sillas e miramos como actuades.

R.: Moitas gracias, Migallas, e ata outra.



## Sábado de mañana

**S**ábado de mañana, salta la radio del despertador, “las manos hacia arriba, las manos hacia abajo... joder no te apetece levantarte” “Uh, uh, uh” así que salta el grito de guerra de todo aquel que aprecie esa música, me levanto y le doy a stop, uff que divino.

Salgo con mis padres a hacer la compra, nos acomodamos en el coche, le da al contacto, pone la radio y “SORPRESA” Uh, uh, uh y como los gorilas. Ya no aguento más, le “ordeno” a mi madre que cambie de emisora y salta un debate sobre la dureza de las represarías norteamericanas en contra de la amenaza talibán. Hacemos la compra, vamos a casa, preparamo la mesa y me piro a escuchar música, si, necesito sacarme la musiquilla esa que me lleva bombardeando todo el día. Cojo, saco un CD de Iron Maiden y me tumbo en cama viendo la Tipo de este mes, ¡qué alivio! Esto si que es música, me digo para mis adentros.

Acabamos de comer u hago una selección de Cd's para tirar un par de horas antes de bajar para quedar con la peña.

A las 6:00 bajo, saludo a los colegas y nos piramos a dar una vuelta y a las 9:00 nos despedimos y quedamos todos a las 11:00 para beber algo antes de ir de fiesta.

Buenas noches – ya estamos todos, abrimos una botella y empezamos a hablar.

- Joder tío ya estoy harto de la música que se pincha ahora.
- Ya te digo, “hace tanto que...” vaya mierda, te acaba saliendo por las orejas.
- Si, fijo tío, y lo peor de todo es que de tanto escucharlas te las sabes casi de memoria.

Al final llegamos todos a la misma conclusión, hacía falta un Pub de Heavy o de Hardcore, o lo que sea menos la música de los 40 principales.

Vaya mierda de música, todos los años lo mismo, que si el Chayane, el Ricky Martin y otros muchos más que cantan todos igual y cuya calidad musical es francamente pésima.

Y ahí nos vamos todos de fiesta, como me gusta el fin de semana, y claro bajamos a pegarnos un “dancing” y SORPRESA, si, efectivamente, lo que estáis pensando Uh, uh, uh, y claro tienes frío

y no te vas a ir fuera, te quedas, te mueves un poco, te ries del otro que está a tu lado, que baila claramente influenciado por la canción y te pegas un meneo, de vez en cuando se te acercan los colegas y te gritan al oído ¡VAYA MIERDA DE MÚSICA! y le respondes asintiendo con la cabeza, el mundo no está hecho, musicalmente hablando, para mí ni para mis amigos, somos unos incomprendidos. No sé pero a veces me pregunto si soy yo el rarito pero creo que no o eso espero.



## ¿NUNCA PENSASTES EN COMO NOS DIVERTIMOS?

**H**ai moitas maneiras de pasalo ben. Uns escollen a maneira de divertirse *e/es* mesmos, outros escollen a maneira de "pasalo ben" os demais.

### SUSTANCIAS NOCIVAS E ALCOHOL.

Esta maneira de pasalo ben é moi Importante porque a maneira de nos "divertir", ás idades de 15 en diante son un pouco absurdas. Absurdas porque o que máis e o que menos finxe a maneira de pasalo ben. É dicir, pensamos que beber e tomar sustancias nocivas significa que somos más "guais" que outras *persoas*. En realidade, parándonos a pensar, somos ignorantes, sabemos que estamos a facer dano ao noso corpo e seguimos consumindo.

Mentres que nós finximos pasalo ben, pensamos que estamos divertindo á xente, pero estanse a rir de nós. Rin das tonterías que un fai cando non é consciente dos seus actos, rinse de nós.

### "CHATEAR"

Hai moitas maneiras de pasalo ben sen drogas. Unha dasas maneiras e que cada vez está más de moda é escribirse, talar mediante o ordenador con outra persoa a isto chamámoslle "chatear". A través dos ordenadores podemos coñecer a moiísima xente nova, sen saír da casa e de moitos sitios distintos. Tamén tes a oportunidade de se es un pouco cortado, aproveitar para falar desta maneira, sabes que a persoa á que estás a falar non pode verte. Á fin eao cabo é un bo invento xa que as persoas que non se atreven a falar cara a cara poden facelo dalgunha outra maneira. Todo o mundo necesita falar.

### FESTAS "CASEIRAS"

#### **Mozos:**

Como hai diferentes gustos, hai outra xente que prefire pasalo ben en compañía dos seus amigos, facendo as súas propias *festas*.

*Estas festas fanse en casas vellas, garaxes,...* normalmente sempre hai algún no grupo que ten algún local donde se poden facer este tipo de *festas*. *Estas festas soen* organizalas os mozos.

#### **Mozas:**

As mozas fan outro tipo de *festas como festas de pixamas*. Estoutra consiste en pasar toda unha noite en vela, bailando, cantando e confesando todas esas cousas que a un lle pasan ao longo dos días. Nestas *festas a norma* e non quedar dormida, toda aquela que quede dormida ao levantarse, atoparase coa cara chea de pasta de *dentes*, o peto cheo de polvos de talco,... .0 traxe para esta *festa* é un pixama. Estas tamén se fan en baixos,...

As maneiras de divertirse son case todas as boas. Podes pasalo ben de verdade ou podes finxir pasalo ben para que os demais o pasen ben contigo pero sempre decides ti.

## O PASOTISMO XUVENIL

**A**s veces penso na sociedade de mañá e a verdade é que me dá un pouco de medo, da maneira en que a inmensa maioria da xente que está agora nos institutos pasa de todo e prefire que loiten os demais e llo sirvan todo en bandexa, exceptuando para as folgas iso si, para iso ándase na punta do pé.

Eu apoio totalmente o reivindicar cousas xustas cando, así sexa necesario, con folgas, manifestacións, encerros e o que faga falta, pero tamén me gustaría que a xente se preocupase tamén de colaborar nos centros e de unirse para facer forza nas loitas que van traer beneficios a todos non só ós que dan a cara e se mollaran por todos, pero é más comodo que nolo dean todo feito, e o que é más triste, criticar a quen o fai pero non ao noso gusto, tildándoo de covarde e saboteando manifestacións, saltándonos as decisións dos nosos representantes.

E para a loita unida hai que comenzar pola unión nos distintos grupos, o que non podemos facer é que como eu aprobéi e o que protesta suspendeu, en vez de apoialo se comparto as súas protestas decirle que o fai porque suspendeu, e isto é un simple exemplo.

Pero se reivindicamos sempre os nosos dereitos,

temos que saber tamén que nós temos uns deberes, e que non podemos pretender que se nos respecte dende dirección si non empezamos por respectar ós nosos compañeiros. Este comentario que vai dirixido especialmente a aqueles "macarriñas" que en vez de dedicarse a loitar falando o fan destrozando o material do centro, iso non é de valentes porque así é moi doido protestar, polas agachadas e sobre todo sen po-

me atopo, que no consello escolar estou soa, os delegados solo se lles escoita cando falan da folga, ás veces. E moi triste para min neste quinto ano de Presidencia de delegados toparme con que tanto eu coma os meus compañeiros delegados, ós que felicito de corazón polo seu labor, só somos útiles en caso de folga, para ir buscar tizas ou para facer fotocopias. Un delegado é algo máis que un chivo espiatorio é unha per-

**"non podemos pretender que se nos respecte dende dirección se non empezamos por respectar ós nosos compañeiros"**

ñer nin cara nin nome ós nosos destrozos para que logo o resto dos compañeiros apande coas culpas e cos gastos. E o más grave é que a xente que os ve cometer esas atrocidades non os descobre e convertese así en cómplice seu, non en bo compañero como moitos pensan, porque se realmente fosen bos compañeiros denunciaríanos diante da dirección ou dos distintos representantes do alumnado.

O próximo ano se todo me sae como teño previsto marcharei deste centro despois de bastantes anos nel, e xusto este último ano que quería dedicalo a axudar os que esperaba foran ós vosos representantes o día de mañá

soa que vos representa e que necesita de todo o voso apoio e confianza e isto non é unha cursilada.

Creo que esta movilización tería que verse reflexta tamén na sociedade, en xeral, xa que a participación xuvenil nas eleccións e das más baixas, e despois adicámonos a criticar ós políticos, pero para poder facelo debes colaborar a súa elección, se despois do teu voto concordante coas túas ideas, o gañador che falla pero primeiro empeza por escoitar os discursos políticos existentes e elixir o máis acorde co teu pensamento e vota que é un dereito que ti tes.

PATRICIA PAMPILLÓN  
VILA

**SE QUERES SER RESPECTADO NA SOCIEDADE CONTRIBÚE CON ELA.**

## A L.O.U.

A nova Lei Orgánica de Universidades é un contra-proxecto educativo que concebe a Universidade como un negocio para a empresa privada, unha educación para xente pudente e unha pelota en mans de empresas privadas.

Xa é típico no Ministerio de Educación o non recoñecemento á comunidade académica como suxeito digno de ser escoitado, pero si de ser desprezado e tildado de “vagos” e “fácil de manexar”, pero sobre todo ter incapacidat propria para organizarse, sendo preciso que nos organícen sindicatos e partidos políticos, que á súa vez son quen realmente nos apoian.

As características máis innovadoras da L.O.U son:

- PRIVATIZADORA.

Non se aclara, non garante o financiamento das Universidades Públicas, método que as obrigaría a aumentar desorbitadamente as taxas ou recorrer á empresa privada. Ademais, precarizárase en bibliotecas, residencias, laboratorios, etc.

- ANTIDEMOCRÁTICA.

Acúrtase máis áinda a participación estudiantil nos órganos de goberno, concentrándose o poder nos rectores e nos decanos. Ademais, o goberno central (e non o parlamento ou as autonomías) aumenta o seu peso nas decisións do ámbito universitario.

- ELITISTA

Tapada coa falacia da “desaparición da selectividade”, multiplican os atrancos para o acceso e convértense en máis arbitrarias áinda que as actuais. Cada centro fixaría os seus criterios de admisión dividindo o alumnado en categorías de primeira, segunda e terceira. Aliméntase a competitividade entre as universidades e a elitización no acceso, en vez da cooperación entre os centros e a igualdade de oportunidades.

- CENTRALIZADORA.

O goberno de Madrid invade as competencias galegas e asume en exclusiva materias como as bolsas. Tamén cabe sinalar neste punto que un organismo estatal sería o encargado de homologar os planos de estudio e os títulos dende unha realidade socio-económica e cultural allea á nosa comunidade.

A lei actual de Universidades vixente xa dende hai 18 anos, e que todos defendemos con uñas e dentes, fixo posible que dende o escomenzo da vixencia da mesma o número de estudiantes pasase de 750.000 a máis de 1.600.000, o de títulos oficiais elevase ata 150, o número de universidades públicas incrementouse de 29 a 48. E xa para rematar dicir que España subiu dende o posto 22 ó posto 12 do ranking científico mundial, nada mal para ser unha lei antiguada.

E xa para rematar, unha mensaxe para o goberno estatal e tamén para o autonómico, se vostedes creñen que todo se debe modernizar, empecen por predicar co exemplo en dous casos:

- Nas cargas policiais, xa que a Constitución defende a liberdade de expresión, e as actuacións policiais son dunha época política anterior.
- Como nun país democrático vivimos, igualmente se deben elaborar as regras dunha convivencia educativa, neste caso, débese contar con todos os compoñentes da comunidade educativa, non só cos do seu partido.

Quero que dende este artigo quede clara unha cousa, que a xente que estamos en contra da L.O.U estamos de acordo en que hai que modernizar a lei de Universidades, pero para iso hai que consultar a todas as partes afectadas e a todos os partidos políticos e sindicatos legalmente electos pola sociedade para que os representen, todo isto para que esa nova lei reflicta e sexa símbolo da pluralidade existente tanto na propia sociedade universitaria como na sociedade en xeral.

*Patricia Pampillón Vila  
C.S Comercio Internacional.*

## CLUB BALONMANO PORRIÑO

O club balonmán Porriño a pasada temporda 2000/2001 contou con quince equipos, participando en todas as categorías, dende benxamín ata senior, tanto en masculino como en feminino e mais de douscentos xogadores comprendidos entre idades de cinco e trinta anos.

- A temporada pechouse co equipo de División de Honra Feminino descendendo a Primeira Nacional (segue sendo o único equipo galego na súa categoría).
- O equipo de Segunda Nacional Masculino mantén a categoría igual que Segunda Nacional Feminina, Primeira Territorial Masculina e Junior Masculino.
- O equipo Xuvenil Masculino clasificouse entre os oito mellors da liga.
- O equipo Xuvenil Feminino clasificouse Subcampeón Provincial, Subcampeón do trofeo Federación e terceiro no Campeonato Galego.
- O Cadete Masculino mantén a categoría.
- En categoría Cadete Feminino participouse con dous equipos clasificándose un de terceiro e outro en cuarto lugar do Campionato Provincial, Subcampión do Campionato Galego e Subcampión do Trofeo Deputación.
- O equipo Infantil Masculino clasificouse Subcampeón do Trofeo Excma. Diputación B.
- O equipo Infantil Femenino clasificouse Campeón Galego, Campeón Provincial e Campeón do Trofeo Excma. Deputación A. Conseguindo a triple coroa da súa categoría e sen perder ningún dos 30 partidos xogados e só empatabndo dous (un na liga provincial e outro no trofeo da deputación) e gañando todos os partidos sen ningunha dificultade, e todos por goleada.
- O equipo Alevín Mixto clasificouse Subcampeón do Trofeo Excma. Deputación.
- En Benjamíns participouse con dous equipos quedando entre os catro mellores da Liga.

O ano pasado foron a Selección Absoluta de Portugal Regina e Mariela de División de

Honra. A Selección Junior Andrea, Isa e Vero. A Concentración Nacional de Cadete Camilo, Verónica e Noemí. A Selección Xuvenil Galega Leti, Victoria e María. A Selección Cadete Galega Verónica, Inés, Xoa, Noemí e Camilo. A Concentración Infantil Nacional Elena. A Selección Infantil Galega Antón, María, Nair, Fany, Sandra, Elena L. e Elena.

Por todos estes obxectivos logrados o Club Balonman Porriño foi galardonado como “Mellor Clube Galego” pola Consellería do Deporte.

De todos os que foron seleccionados neste instituto están Leticia Cuña, Nair Freiría e María Pires.

Este ano espérase que o equipo de Primeira Nacional Feminina ascenda outra vez como xa fixo na temporada 96/97 e por agora vai por bo camiño indo clasificadas no primeiro posto da súa categoría. Tamén se espera que o equipo de Segunda Nacional Masculino ascenda de categoría pois por agora vai tamén de primeiro clasificado. E nas outras categorías espérase o mesmo ou máis có ano pasado pois eles son os que fixeron ao Porriño un bo equipo porque xogan nos equipos maiores moita xente da canteira e os que van a un partido adoitan repetir porque os equipos da canteira traballan para superarse día a día e así chegar o máis alto.

O malo é que neste país co balonmán feminino non se vive, págase moi pouco e co masculino máis o menos porque non é coma o fútbol que se moven tantos cartos. As mulleres, se queren vivir do balonmán teñense que ir a outro país onde o balonmán feminino sexa o deporte rei e para iso teñen que traballar moito.

A toda a xente que queira facer un deporte e non se decida, que pase polo pavillón porque no balonmán hai sitio para todos.

**O balonmán é un deporte de moito contacto físico pero merece a pena porque se colleitan moitos éxitos e se no futuro non chegás a ser un bo deportista non pasa nada ,o importante é ser unha boa persoa.**

**NATACIÓN**

Nestes últimos anos estase a promocionar un deporte no Porriño, a natación

Hai tres ou catro anos cos-truíuse a piscina municipal. Dende a súa inauguración aco-de a ela moita senté, dende os más cativos aos máis vellos. Dá igual como nadese, o impor-tante é pasalo ben.

Dende entón a chamada “esco-

la de natación” buscaba rapaces que nadasesen ben e rápido e facíalles probas. Os escollidos, un grupo de vinte rapaces, ían competir a Portugal: Valença, Melgaço, Ponte de Lima, Monçao, ...e vilas de Ponteve-dra como Redondela ou Pon-teareas.

Pasado o tempo un grupo de pais formaron o Clube Golfiños que ten como presidente a Jesús Pallas e colaboran “Recambios del Campo” e ao concello do Porriño.

O Clube Golfiños compite xa na Liga “gallega” e áinda que só levan tres meses non o es-tán facendo tan mal.

*A escola de natación segue aberta para calquera e seguro que saen novas promesas de ai.*

¡ACONSÉLLOVOLO!

*Ana Fernández Vázquez*

**O CICLISMO**

O ciclismo é un deporte que se practica durante todo o ano pero en dúas modalida-des: o ciclocross en inverno e o ciclismo que se practica o resto do ano.

O ciclocross é un deporte moi bonito porque nel podes ver como os corredores loitan para pasar coa bicicleta pola lama e como ás veces teñen que bota-la ao lombo e correr con ela porque non son capaces de pasar por un obstáculo monta-dos nela ou cando se lles enre-da.

O CICLISMO PRACTÍCASE SEMPRE ENTRENANDO POLA ESTRADA OU EN PISTAS CERRADAS OU NO VELÓDROMO.

Entrénase no velódromo para coller, forza, aguante e rapidez porque como para andar nel tes que ir rápido. En estrada entrénase para facer quiló-metros e subir rampas nas que tes que facer forza.

Para poder competir tes que ter unha licencia. As cate-gorías son as seguintes: benxa-mín, alevín, infantiles, cade-tes, xuvenís, elite e Máster 30, 40, 50, 60. As competicións son todas en circuitos cerrados para as categorías de prin-cipiantes, benxamín, alevín e infantís. Para os cadetes, xuvenís, elite,...case sempre son en estrada.

En todas as categorías hai trofeos para os tres primeiros, e a partir dos cadetes ata os másyter cobran unha prima por acabar a carreira.

Eu practico este deporte e o meu equipo é o C.C. Mei-xueiro, formado por 60 per-soas.

A miña categoría é de cadete, xunto con tres compañeiros más. Nesta tempada só rema-tamos as carreiras pola metade xa que somos de primeiro ano, en cambio un compañeiro de alevín gañou caase todas. E no Máster 60 destaca un corredor que gañou bastantes carreiras.

Para min o ciclismo é un de-porte entretido e divertido pero ten un inconveniente para os que van ás competicións, xza que no verán en vez d ir á praia tes que entrenar, para polo menos intentar rematar a carreira.

*Manuel Ángel Miranda Fran-cés*

**O MEU EQUIPO DE FÚTBOL**

O meu equipo de fútbol é o Porriño Industrial.

Nel xa levo nove anos, e todo o tem-po que levo entrenando non o boto por perdido.

Cando eu era pequeno non me gustaba nada o fútbol pero agora encántame.

Un dia, cando eu tiña cinco anos, o meu pai levoume ao campo de fútbol para ver se me collían, e dixéronlle que si, pero a min non me apetecía ir, e ata

cheguei a chorar, pero agora doulle gracias ao meu pai.

- O primeiro ano so ía a en-trenar o venres, é dicir, unha vez á semana.

- O segundo ano xa entrenaba máis, e xogaba. Entrenaba o

luns e o mércores, e xogaba os sábados pola mañá. Esa tempada foi malísima para nós porque praticamente ainda non sabíamos o que era un balón, e quedamos terceiros pola cola.

- O terceiro ano xa foi uns dos mellores. Quedamos campións de liga sen perder partido, nin empatar, e dicir gañámos todos. E quedamos subcampións de copa ¡Que lastima!
- O cuarto ano quedamos sétimos ou oitavos, xa non me lembro ben.

- O quinto foi semellante ao anterior, xa que era o mesmo entrenador.
- O sexto quedamos pola metade da táboa.
- O séptimo quedamos primeiros na liga cun partido só empatado e o resto gañámos todos. Na copa galega chegamos ata cuartos de final e na copa comarcal chegamos ata semifinais. Ao gañar a liga ascendemos á liga provincial de infantís, que é a mellor que hai.
- Este ano, que vén sendo o noveno, xa son cadete, pero esta tempada non imos moi ben, xa

que xogamos contra rapaces de un ano máis ca nós, e imos case ao final da táboa.

En fin, o principal é non desceder, o que significa non quedar últimos, penúltimos ou antepenúltimos.

O meu soño sería ser xogador de primeira división debutando como Maradona, Rivaldo ou Figo e ir convocado coa selección.

*Eloy Lorenzo Lorenzo 3º B  
E.S.O.*

## SABIAS QUE...

- Antigamente moitos mariñeiros non sabian nadar. Era costume que deixaran o pelo longo para que si caian á mar os agarraran "polos pelos" para salvlos.
- William Collejo, un torceador (fabricante de puros) cubano de 50 anos de idade, presentou en novembro de 1997 o puro máis grande do mundo: ten 3,45 metros de lonxitude e 4,5 metros de ancho.
- A falta de biblia, os romanos xuraban decir a verdade apertándose os testículos coa man dereita. Deste costume procede a palabra "testificar".
- Na antiga Inglaterra a xente non podía ter sexo sen contar co consentimento do rei (a menos que se tratara dun membro da familia real). Cando a xente quería ter un fillo debían solicitar un permiso ó monarca, quen lles entregaba unha placa que debían colgar fóra da súa porta mentres mantiñan relacións. A placa dicía

"Fornication Under Consent of the King" (F.U.C.K.). Esa é a orixe de tan "socorrida" palabriña.

- Durante a guerra de sucesión, cando regresaban as tropas os seus carteis sin ter ninguna baixa, puñan nunha gran pizarra "0 Killed" (cero mortos). De aí provén a palabra "O.K" para dicir que todo estaba ben.
- As mulleres gregas empezaban a cumplir anos dende a súa data de voda.
- Se se colocaran en fila india todas as aspirinas que consumimos os españoles nun ano, podríanse cubrir os 8400 quilómetros que hai dende Madrid a Moscú.
- A chamada de socorro S.O.S corresponde as iniciais de Save Our Souls (Salvade as Nosas Almas), fixose famosa porque a emplearon os pasaxeiros de Titanic no seu afundimento. Pedían que se salvasen as súas almas porque todo o demais estaba perdido.

## Libros

**TÍTULO:** “Contos de fantasmas”

**AUTOR:** Varios

**EDITORIAL:** TRIS-TAM

**Nº DE PÁGINAS:** 243

“Contos de fantasmas” é unha escolma de relatos breves con autores de talla de Walter Scott, Charles Dickens, Bram Stoker (o autor de “Drácula”) e o increíble Edgar Allan Poe que recolle contos de fantasmas, espíritos, espectros, banshee (fantasmas familiar irlandesa que aparece momentos antes da morte) e demais horrores literarios, todos eles da literatura clásica, que nos farán pasar momentos de terror, pánico e nos producirán arrepios.

**TÍTULO:** “La Música del viento”

**AUTOR:** Jordi Serra i Fabra

**EDITORIAL:** Columna Edicións/ Ediciones del Broneva

**Nº DE PÁGINAS:** 154

“Socorro. Axuda, por favor. Somos escravos. Libertade global”, este era a mensaxe que se escondía entre as costuras daquela bonita alfombra que seu primo acababa de traer da súa viaxe da India. Tras este descubrimento Alberto, peridista, membro de numerosas ONG's, realizará unha viaxe á India onde se topará co terrible día a día no que viven miles de nenos e nenas explotados nese país que ata entón lle parecía tan fascinante e marabiloso.

Baixo un clima un tanto misterioso e unha linguaxe desenvolta, este autor catalán, danos a súa particular visión da terrible realidade de explotación infantil e introducenos neste terrible mundo no que sufren milleiros de nenos diariamente.

**TÍTULO:** “Non volvas”

**AUTOR:** Suso de Toro

**EDITORIAL:** Xerais

**Nº DE PÁGINAS:** 187

“Non volvas” é unha novela que narra como unha muller que a penas ten coñecemento do seu pasado, volve á súa vila natal, lugar ó que lle prohibira ir a súa nai ó morrer. Alí conseguirá toparse coa paz e a tranquilidade que non atopa na cidade, pero tamén se topará a sí mesma e ao seu pasado, pasado que revivirá e no cal fará xustiza.

Intensa novela na que Suso de Toro consegue relatar a vinganza dunha muller contra os recordos que atormentaron a tres xeracións de mulleres.

**TÍTULO:** Rabia.

**AUTOR:** Jordi Serra i Fabra.

**EDITORIAL:** S.M.

**Nº PÁGINAS:** 234.

Patricia, 16 años, estudiante e no corazón, rabia, ganas de gritar, de amor, de chorar e de amor, e de vivir, sobre todo de vivir. Metade novela, metade diario e cunha sensibilidade infinita Jordi Serra i Fabra introducenos no mundo de Patricia, unha adolescente soñadora que ten por ambición a de ser cantante de rock e escritora, a que case todo o mundo considera rara por iso e que non é entendida polos seus pais. Unha adolescente que quere ser como é, ela mesma e que quere alcanza-las súas metas coite o que coite.

*Tania Beltrán Álvarez  
1º Bacharelato CC.SS*

## NA REDE

<http://www.galego21.org> (para descargar software en galego)

Recomendamos que baixedes o programa (OPERA) disponible de maneira gratuita.

<http://www.google.com> buscador que se pode configurar para usalo en galego.

<http://www.mp3hispania.com> para baixar música da rede

E por su posto non navegues sen antivirus <http://www.symantec.com>

<http://www.bitdefender-es.com> <http://www.avx-es.com> <http://www.avp-es.com>

<http://www.mcafee.com> <http://www.pandasoftware.es>

- ¿Por que Papá-Noël xa non le as cartas?

- Porque lle ten medo ó ántrax

**Dous amigos falando:**

- Eu teño un loro que di papa e mama.
- E eu teño unha lata que di Melocotón en almibre.

**No confesonario:**

- Pai acúsome de que cada vez que miro un home trémanme as pernas.
- Pero, ¿cantos anos tes miña filla?
- 84.
- Ah, entón non te preocupes que iso é reuma.

- O es¿que é peor:a ignorancia ou o desinterés?

- Nin o sei nin me importa.

**¡soltade amarras!**

E o señor Marras caeu o auga.

-¿Ti sabes por que os curas van tan contentos ó traballo?

Porque teñen o xefe crucificado.

-Levántase o telón e aparece un cartón de viño tinto Don Símon. Baixa o telón. ¿cómo se chama a película?

.....ESTINTO BÁSICO.

**VERSIÓN CULTA DEL REFRANERO**

Relátame con quien deambulas y te manifestaré tu idiosincrasia.  
(Dime con quién andas y te diré quien eres)

A perturbación ciclónica en el seno ambiental, rostro jocundo.  
(Al mal tiempo, buena cara)

H<sub>2</sub>O que no has de ingurgitar, permítelle que discurre por su cauce.  
(Agua que no has de beber, déjala correr)

Ocupate de la alimentación de aves córvidas y éstas te extirparan las corneas, el iris y el cristalino.  
(Cría cuervos y te sacarán los ojos)

El globo oftálmico del poseedor, torna obeso el bruto vacuno.  
(El ojo del amo engorda el ganado)


Quien a ubérrima conífera se adosa, óptima umbría le entolda.  
(El que a buen árbol se arrima, buena sombra le cobija)

A equino objeto de un obsequio no le periscopees el incisivo.  
(A caballo regalado no le mires el diente)


Trasládeme yo a temperatura debidamente elevada, demuestre el vulgo su regocijo.  
(Ande yo caliente, riase la gente)



O violinista perdeu as súas partituras.  
Móstralle o camiño para recuperalas.



Fai unha enquisa entre os teus  
compañeiros.  
Sorprenderáste vendo como non  
todos ven o mesmo neste debuxo.



*A giant Roc picks her up by the skirt.*

Dálle a volta ao páxaro e verás co que te atopas.

